

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A música como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas, xa que favorece o desenvolvemento integral do ser humano, contribúe ademais activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. Favorece tamén a mellora da atención, da xestión das emocións e da autoestima, así como da capacidade de comunicación e o traballo cooperativo.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

"Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

«Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

«Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

A materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través das manifestacións

musicais e dancísticas da historia da música occidental e tamén doutras culturas, facendo especial fincapé na galega e na tradición propia e innegable de Ponteareas.

A programación de 3º está formada por sete unidades didácticas. Primeiro trimestre: UD1. Antigüidade e Idade Media, UD2. Renacemento Segundo trimestre: UD3. Barroco e UD4. Clasicismo. Terceiro trimestre: UD5. Romanticismo. UD6. Século XX e UD7. Outras músicas. Nos tres trimestres, e paralelamente, abordarase a linguaxe musical a través da historia da música, e a interpretación musical e dancística.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas.

Recalcar como principal obxectivo desta programación espertar no alumnado a curiosidade polo coñecemento e así contribuír á formación dun público crítico que saiba valorar música que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, dende a experiencia de ser músico ou bailarín, e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas.

Do mesmo xeito, a conexión con outras materias, é innegable e é factible establecer vinculacións coa maioría das materias do currículo, dende a matemática a historia, as linguas e coma non a expresión plástica e as tecnoloxías.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cimentando: Antigüedade e Idade Media	Estudo da música occidental desde o período homérico ata finais do século XIV, tomando en consideración os principais fitos constitutivos estrutural, estilística e funcionalmente do feito musical neste lapso de tempo.	15	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Levantando altura: Renacemento	O Renacemento é un movemento cultura nacido en Italia no século XV. Rapidamente alcanzou case toda Europa durante os séculos XV e XVI. Estaba baseado en recuperar os valores grecolatinos. Dentro da arte renacentista, a música sufriu importantes cambios nas súas características.	15	10	X		
3	Contraste: Barroco	Durante o barroco apareceron algunhas das máis importantes formas musicais da historia musical como son a sonata, o concerto ou a xa mencionada ópera, ademais de dar lugar a músicos barrocos considerados moitos deles como os máis destacados da historia da música clásica, como veremos máis adiante. Doutra banda, cabe destacar que o barroco non só tivo influencia no ámbito musical, senón no resto de campos artísticos como a literatura, a pintura, a arquitectura, a escultura, o teatro, etc	15	10		X	
4	La claridad formal: Clasicismo	O século XVIII foi un século de soterradas transformacións sociais. Baixo o controlado inmovilismo imposto polos réximes absolutistas europeos -baseados nunha desigual repartición de obrigacións e privilexios entre a nobreza, o clero e o terceiro estado- a sociedade experimentou o irresistible ascenso dunhas clases medias urbanas portadoras de novos valores e ideas baseados na razón, o mérito e a xustiza. A burguesía non foi só o principal motor do movemento ilustrado, os avances científicos ou a secularización da sociedade durante o século das luces, senón que desenvolveu novos códigos culturais que exerceron unha decisiva influencia na evolución dos estilos musicais e que a historiografía musical englobou dentro do concepto Clasicismo. Nesta unidade repasaremos a consolidación do estilo Clásico en relación con tres ámbitos socio-musicais: A música de cámara, as sociedades filarmónicas, e a ópera popular.	15	10		X	
5	La explosión de la emoción: Romanticismo	A medida que a humanidade avanza na historia, os seus acontecementos bríndannos revelacións, puntos de reflexión, aprendizaxes que adquirimos ao interpretar o que nos sucedeu como sociedade e como individuos. A arte é un	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	La explosión de la emoción: Romanticismo	produto que reflicte os sentimentos e pensamentos de cada época e é por iso que podemos aprender moito da historia ao analizar os seus puntos de importancia e expresión. Nesta unidade, aprenderemos achega do romanticismo musical e as súas características.	15	10			X
6	Imparable: Século XX	A música, cuxos recursos tradicionais foran explotados ata a saciedade polos autores románticos, busca abrirse novos camiños e romper co pasado. Gran cantidade de estilos vangardistas musicais iranse xustapoñendo no transcurso do século en busca da novidade e a experimentación, a través dun cambio estético que dará lugar ás composicións máis variadas. A aparición de novos xéneros como o jazz ou o rock e os seus derivados arrebatará á música culta o protagonismo, case exclusivo, do que gozara durante séculos. Aos poucos irase convertendo nunha música de minorías, allea ao éxito e aos intereses comerciais. Na segunda metade de século, a chegada da tecnoloxía alterará a forma de compoñer e interpretar a música. Por primeira vez na historia os medios electrónicos e informáticos terán unha función importante dentro do fenómeno musical.	10	10			X
7	Pluralismo y globalidad: entre muchas músicas	Música de España de Galicia, de outras culturas moi próxima: O Condado	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cimentando: Antigüidade e Idade Media	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comentario de audicións		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Recoñecer as características principais da época.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar adaptacións propostas de obras de este período		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Comentario de audicións.	TI	35
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	Levantando altura:Renacemento	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	60
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comentar , empregando un vocabulario apropiado as ideas e emocións propias sobre as propostas estudadas.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionadas coas características principais de momento histórico correspondentes.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar as adaptacións propostas.	TI	40
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período..		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Recoñecer as funcións da música relacionadas coas características principais de momento histórico correspondentes mantendo o respecto na escoita e no visionado de pezas traballadas na unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.
- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
3	Contraste: Barroco	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	60
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado as propostas da unidade		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Relacionar as características da época coa actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar adaptacións de obras propostas.	TI	40
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar adecuadamente en la interpretación de partituras adaptadas en el aula.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
4	La claridad formal: Clasicismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	55
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música e danza da época relacionándoas coas súas características principais.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comentar as propostas empregando un vocabulario axeitado		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época e relacionalas coa época actual.	TI	45
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas adaptadas ao nivel .		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar nas interpretacións propostas.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar actitude de respecto no visioado e na escoita.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer nexos entre os feitos histórico-sociais e a música.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
5	La explosión de la emoción: Romanticismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	40
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos dos trazos estilísticos máis importantes da música e danza cos feitos históricos da época.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer as funcións da música e da danza do período..		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras adaptadas ao nivel da aula.	TI	60
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comentar empregando un vocabulario axeitado as propostas da unidade.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar adaptacións de música do período.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar unha actitude de respecto tanto na escoita como nas interpretacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos entre os feitos histórico sociais e a manifestación artístico-musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
6	Imparable: Século XX	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	25
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comentar empregando un vocabulario axeitado as propostas da unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos dos trazos estilísticos máis importantes da música e danza cos feitos históricos da época.	TI	75
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras adaptadas ao nivel da aula.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Comentar empregando un vocabulario axeitado as propostas da unidade.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos entre outras épocas e a actualidade.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar unha actitude de respecto tanto na escoita como no visionado das propostas musicais da unidade.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer e relacionar as funcións da música coas súas características.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
7	Pluralismo y globalidad: entre muchas músicas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos entre as características máis relevantes e os principais feitos históricos.	TI	100
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer trazos estilísticos máis relevantes do noso patrimonio musical.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activa e respectuosamente nas propostas de esta unidade.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Participar activa e respectuosamente nas propostas de esta unidade.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos entre as características máis relevantes e os principais feitos históricos.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Participar activa e respectuosamente nas propostas de esta unidade.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar as adaptacións de obras propostas.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Desenvolver propostas artístico-musicais.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar activa e respectuosamente nas propostas de esta unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer trazos estilísticos máis relevantes do patrimonio musical traballado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.

A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.

Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

Deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, proponendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introdutorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a relación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Instrumentos dotación de aula

Aula virtual

Programa de edición de partituras

Materiais do Repositorio Abalar

Programa edición de audio

<https://www.mariajesusmusica.com> así como coñecemento de grandes youtubers difusores de música:Jaime Altozano

Plataformas para crear e presentar proxectos dixitais individuais e colectivos: genially, googlemaps.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 3º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que reconece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	10	15	100
Proba escrita	65	60	60	55	40	25	0	44
Táboa de indicadores	35	40	40	45	60	75	100	56

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, de análise de partituras, de audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 60% da nota final.

Avaliaranse con probas escritas xa sexan traballos ou exames.

No caso de avaliar por traballos, estes poderán ser individuais ou por grupos e poderán contar con exposición oral.

No caso de realización de exames contarán con preguntas tipo test e outras de redacción para a explicación dos contidos e de análise de audicións ou partituras.

As probas escritas poderán realizarse por unidades independentes, é dicir probas parciais ou xuntas probas trimestrais. No caso das probas parciais será o 30% da media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre, o outro 30% será o exame trimestral. No suposto caso de non haber proba trimestral, a media das probas parciais será o 60% da nota da materia.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 40% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

1º Trimestre: 30%

2º Trimestre: 40%

3º Trimestre: 30%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

O alumnado que non poida superar a materia coas actividades de recuperación (expostas no apartado criterios de recuperación) no período entre a 3ª avaliación e a final, realizará un exame que englobe os contidos teóricos e prácticos non superados e responda ao mesmo deseño exposto anteriormente e aos mesmos criterios de cualificación da programación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3ª avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.

2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos:

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva. As novas cualificacións obtidas en ditas actividades utilizaranse para recalcular as notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se se pasa a 4º curso coa materia de 3º pendente seguirase o procedemento de recuperación trimestral ou anual a acordar co alumnado. Dita recuperación constará dun exame trimestral ou anual ou ben da entrega de caderniños baixo o seguimento do profesor responsable del area de música. O peso dos tres trimestres será a nota media aritmética. Será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente. No caso de que algunha das partes a avaliar esté superada en todos os trimestres do curso pasado, o alumnado afectado so se examinará dos contidos non superados.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e

adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar calquera das partes de contidos non superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: . Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. . A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores.Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: todas as unidades a través do uso da rede para a escoita, visionado e selección de fontes fidedignas na realización de traballos e proxectos de investigación e audiovisuais coas ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público(a outros grupos, nas datas que se fixen, ou a final de curso.
Asistencia como público a un concerto	Propiciarase a asistencia do grupo a lo menos a un concerto fora do centro, para por en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia da escoita da música en directo.
Presentacións de instrumentos e interpretación de alumnado de 2º BAC	Os grupos da ESO asisitirá a un concerto-exposición organizado por 2º Bacharelato, e onde despois debatirase sobre o feito musical actual.

Actividade	Descrición
Experiencia de "Paisaxes Sonoras"	Saída con 2º de BAC para relaizar grabacións que serán manipuladas e montadas coa finalidade de establecer "unha paisaxe sonora"
Libro con banda sonora	Destin.ada ao alumnado de 4ºESO "El síndrome de Mozart" libro que acompañaremos con la banda sonora que en el va apareciendo.
Taller de Ecopercusión	Para o alumnado de 2º ESO, a cargo de un especialista en la materia

Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, comenzando coa interpretación no propio centro educativo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou Acadado
Mal ou Non cadado
Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino- aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

¿ Comprobación dos obxectivos propostos: valorar se estes se adaptan ao curso; se se poden acadar coas unidades propostas, así como a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.

¿ Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.

¿ Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.

¿ Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.

¿ Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o

repertorio e actividades lles parecen adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.

¿ Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores seguintes: ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado, pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao seguinte.

9. Outros apartados